

**ESTATUTOS.**  
**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO COLEXIO PÚBLICO**  
**MESTRES GOLDAR- Castrelos.**

**PREAMBULO:**

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do Colexio Público Mestres Goldar Castrelos, constituída de acordo co disposto no Artigo 2ª da Lei de asociacións do 24 de decembro de 1964 e Orde da Consellería de Educación da Xunta de Galiza de data 16 de xaneiro de 1987, actualmente derogadas, acordou adaptar os seus Estatutos, en conformidade ó exixido pola Normativa vixente, Lei Orgánica 1/ 2002, do 22 de marzo, e Normas Complementarias, quedando redactados do seguinte xeito:

**CAPITULO 1.**

**DA ASOCIACION E OS SEUS FINS**

**Art.1º** De acordo co disposto no artigo 1 da Lei Orgánica 1/ 2002 do 22 de marzo, a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do Coléxio Público Mestres Goldar, constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro non sometida a un réxime asociativo específico.

**Art.2º** Esta Asociación terá personalidade xurídica propia e independente de cada un dos asociados/as, conforme ao Artigo 35 e seguintes do Código Civil e, en consecuencia, gozará de plena capacidade para ser obxecto de dereitos e obrigas, así como para adquirir, posuír, gravar e enaxenar por título oneroso ou lucrativo, toda clase de bens, así como para realizar toda clase de actos e contratos para o cumprimento dos fins previstos nos presentes Estatutos.

**Art.3º** O ámbito da Asociación é local e a súa morada fíxase no Coléxio Público Mestres Goldar, sito en Castrelos Costa, nº 4.

As xuntanzas da Asociación de acordo coa Lexislación Vixente celebraranse nos locais do Coléxio, en horas ou lugares que non perturben o desenvolvemento das actividades docentes.

**Art.4º** Os fins que há de cumprir esta Asociación, serán esencialmente os seguintes:

- a) Velar polos dereitos do/as alumnos/as do colexio, no que se refire a súa educación, de acordo co artigo 27 da Constitución Española.
- b) Defender os dereitos das Nais, Pais ou tutores legais en canto concerne á educación dos seus fillos.
- c) Colaborar no labor educativo do Centro e dunha maneira especial nas actividades complementarias e extraescolares.
- d) Participar na elección dos representantes dos pais nos Orgaos Colexiados do Centro e, no seu caso, Municipio, Provincia, ou calquera outra instancia pública de ámbito territorial máis amplo, promovendo candidatos/as velando pola pureza do proceso electoral e colaborando na correcta realización das eleccións.
- e) Orientar e estimular aos pais, nais, tutores respecto das obrigas que lles incumben en razón coa educación dos seus fillos/as.
- f) Fomentar as relacións de cooperación do Colexio con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais do entorno.
- g) Requerer aos poderes públicos o Cumplimento das Leis, Regulamentos e Planos de actuación relativos á Educación; recabando a atención e axuda que ésta merece.
- h) Desenvolver programas de Educación Familiar para proporcionar a nais, pais, tutores, coñecementos e orientacións relacionadas coa súa función educadora.

- i) Promover e desenvolver actividades formativas, culturais e de estudos.
- j) Promover xuntanzas de colaboración entre pais, nais, tutores e profesores fomentando as boas relacións entre ambos colectivos.
- k) Colaborar co Centro na ampliación e mellora das instalacións e servizos.
- l) Emprestar axuda económica ao Centro para o desenvolvemento das súas actividades culturais e pedagóxicas, sempre e cando estes non podan ser subvencionadas polos Organismos Oficiais.
- m) Defensa dun ensino de calidade, galego centrado no país, que fomente a formación responsabel dos alumnos/as nos valores democráticos e na non discriminación por razóns económicas, relixiosas, ideolóxicas, raza ou sexo.
- n) Colaborar na elaboración, desenvolvemento ou modificación do Regulamento de Réxime Interior ou Estatuto do colexio

**Art.5º** A Asociación constitúese por tempo indefinido. Non obstante poderá disolverse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada a tal efecto.

**Art 6º** Para o mellor cumprimento dos seus fins a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do Coléxio Público Mestres Goldar, poderá, xuntamente con outras entidades similares promover unha Federación Local, Comarcal, Provincial ou Autónoma, ou solicitar o seu ingreso na Federación que ao efecto estivese constituída ou no seu momento puidese constituírse en calquera dos ámbitos territoriais sinalados.

## **CAPITULO II. DOS SOCIOS/AS: DEBERES E DIREITOS.**

**Art. 7º** Serán socios/as numerarios/as da Asociación, todos os pais, nais ou tutores dos/as alumnos/as e que soliciten a súa inscrición á Xunta Directiva.

**Art. 8º** Serán obrigas de todo/a socio/a:

- a) Observar os Estatutos e Regulamentos de Rexime Interior da Asociación.
- b) Acatar os acordos da Asamblea Xeral da Xunta Directiva adoptados.
- c) Contribuír ao sostén da Asociación na forma que estableza a Asamblea Xeral. Non obstante a Xunta Directiva poderá eximir do pago de cuotas a os socios/as cuxa situación económica así o aconselle, conservando todos os dereitos inherentes á súa condición de tais socios/as.
- d) Todo/a socio/a que sexa promovido/a para ocupar cargos nos Orgaos Colexiados do Centro (Art. 4 aptdo. d), formará parte da Xunta Directiva

**Art. 9º** Os/as socios/as terán os seguintes dereitos:

- a) Desfrutar dos servizos e vantaxes da Asociación.
- b) Asistir a cantos actos nela se celebren.
- c) Intervir con voz e voto nas Assembleas Xerais e designar e ser designados como membros da Xunta Directiva.
- d) Dirixir peticións e proferir iniciativas aos Orgaos de Goberno da Asociación.
- e) Recabar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Poder ser elixido/a para os cargos directivos.
- g) Aqueloutros recollidos na lexislación vixente

**Art.10º** Os/as socios/as causarán baixa na Asociación por algunha das seguintes causas:

- a) Por renúncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por falta inxustificada de pago da cuota.

- c) Por contravimento dos Estatutos ou do regulamento de Reximen Interno.
- d) Por desacato reiterado aos acordos da Asamblea Xeral ou da Xunta Directiva, adoptados.
- e) Por acordo da Xunta Directiva, cando o/a socio/a pola súa conducta incorrecta, por desprestixiar á Asociación cos seus actos ou palabras, ou por perturbar a súa boa administración e goberno, se fixese acreedor a tal sanción.

En todos estes casos concederá-se ao interesado/a o prazo dun mes para que expoña as razóns que estime convenientes no seu descarrego.

O/a socio/a que se cria expulsado inxustamente, poderá recorrer só por escrito ante, a Asamblea Xeral.

Os/as socios/as que causasen baixa en virtude do establecido no apartado b) deste artigo adquirirán de novo a súa calidade de tais mediante o pago da/s cuota/s atrasada/s.

**Art.11º** A baixa de todo/a socio/a leva implícita a perda de cantos dereitos puidese ter na Asociación.

## **CAPITULO II. ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN.**

**Art. 12º** Para o mellor cumprimento dos fins establecidos no Art.4º, as actividades desta Asociación desenvolveranse en Comisions de Traballo, distribuídas da forma seguinte

- a) Actividades Extraescolares de Alumnos/as, de orde Cultural e Social.
- b) Actividades extraescolares de Alumnos/as, de orde Física-Desportiva.
- c) Actividades extraescolares de Alumnos/as, de orde Artístico.
- d) Actividades dedicadas a adultos.

Cada unha destas actividades estará a cargo dun Vocal da Xunta Directiva que actuará como Presidente/a da mesma e proferirá a aquela a adscripción á Comisión dos/as socios/as que o desexene teñan aptitudes para levar a cabo a actividade de que se trate.

As Comisions de Traballo confezoarán un plano de actividades para cada Curso Escolar que será aprobado pola Xunta Directiva.

Os planos de traballo terán que ser ratificados pola Asamblea Xeral na súa primeira Xuntanza do Curso.

As Comisions de Traballo reuniranse tantas veces o estimen necesario, e os/as Presidentes/as darán conta á Xunta Directiva, mensualmente e con motivo da xuntanza obligatoria desta, das actividades desenvolvidas en cada periodo de tempo vencido.

## **CAPITULO IV. ORGAOS DE GOBERNO.**

**Art.13º** A Asociación estará rexida polos seguintes Orgaos:

- a) A Asamblea Xeral de Sócios.
- b) A Xunta Directiva.
- c) A Presidencia.

A Asamblea Xeral de socios/as é o órgano soberano da Asociación, e nela poderán tomar parte todos/as socios/as que se achen ao corrente das súas obrigas. Poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria e os cargos de Presidente e Secretario das mesmas recairán nos socios/as que ocupen ditos cargos na Xunta Directiva.

**Art.14º** A Asamblea Xeral reunirse dúas veces ao ano, no primeiro trimestre do comezo do curso escolar e ao final.

Reunirase en sesión Extraordinária cando o/a Presidente/a ou a Xunta Directiva o xuzguen oportuno ou o solicite por escrito un número de socios/as non inferior ao tercio dos/as asociados/as.

**Art.15º** A Asamblea Xeral comprende a os/as asociados/as, e aos membros da Xunta Directiva. Todas as sesións serán convocadas polo Presidente con expresa indicación da Orde do Día establecido pola Xunta Directiva. As convocatorias deberán dirixirse a os/as asociados/as mediante aviso particular con sete días de antelación á data sinalada para celebrar a Asamblea Xeral.

As Assembleas Xerais, tanto ordinárias como extraordinárias, ficarán constituídas en primeira convocatoria cando concurran a ela a maioría dos/as asociados/as e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados/as presentes.

**Art.16º** Serán facultades da Asamblea Xeral con carácter ordinario:

a) Coñecer a actuación da Xunta Directiva en relación coa función que lle encomendan estes Estatutos e o Regulamento de Rexime Interior.

b) Examinar e aprobar, se procedese, a Memória Anual, Balance e Presupostos anuais de ingresos e gastos.

c) Aprobar o Regulamento do Réxime Interno da Asociación

d) Estabelecer ou modificar ás Cuotas Ordinárias e Extraordinárias.

e) Criar servizos en beneficio dos/as asociados/as.

f) Estudar e resolver as proposicións formuladas polos/as asociados/as (coa debida antelación) e que deberán ir asinadas como mínimo por cinco asociados/as

g) Integrarse en Federacións ou Confederacións a nivel local, provincial ou de ámbito superior.

h) As demais que resulten dos Estatutos, e que non estean expresamente conferidas a Asamblea Xeral ou á Xunta Directiva.

**Art.17º** Será facultade da Asamblea Xeral Extraordinária

a) Elixir os integrantes da Xunta Directiva.

b) Estudar e aprobar se procede a declaración de utilidade pública da Asociación.

c) Aprobara disposición e enaxenación de bens.

d) Aprobar a federación con outras asociacións.

e) Ratificar a expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva.

f) Modificar os Estatutos da Asociación.

g) Aprobar a disolución da Asociación e nomear os liquidadores.

**Art.18º** Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todos/as asociados/as, mesmo os non asistentes.

As sesións comezaran pola lectura por parte do/a Secretario/a da acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a Orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose a súa aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día, abrírase a quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto o/a presidente/a dará por rematada a sesión.

**Art.19º** Poderase recorrer contra os acordos que vaian na contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación mediante recurso de reposición perante a Asamblea Xeral.

**Art.20º** A Xunta Directiva estará constituída por: Presidente/a, Vice-presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e un mínimo de catro vocais e un máximo de dez.

Tódalas persoas que compoñien a Xunta Directiva deberán ser asociados/as, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incursos nos motivos de incompatibilidade establecidos na Lexislación Vixente.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen presuízo do dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados no desemprego das súas funcións, por encomenda da Xunta Directiva ou a Asamblea.

A duración destes cargos será de dous anos, renovándose por metade cada ano, de maneira que a primeira non atinxa ao Presidente/a nen ao Tesoureiro/a.

Todos os membros da Xunta Directiva cesantes poden apresentarse a unha nova reeleición.

**Art.21º** Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

- a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por expiración do mandato
- c) Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas
- d) Nos casos a) e b) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen o substitúa.

**Art.22º** A Xunta Directiva reunirse ordinariamente na primeira semana de cada mes lectivo e con carácter extraordinario sempre que a convoque o/a Presidentela ou o solicite a terceira parte dos/as Directivos/as, en cuxo caso tamén haberá de convocala o/a Presidente/a.

Os acordos tomaranse por votación sendo precisa a asistencia como mínimo da metade dos seus compoñentes. No caso de empate dirimirá o voto de calidade do/a Presidente/a

**Art.23º** Será obrigatorio a asistencia dos membros da Xunta ás sesións da mesma, e en caso de non poder efectuarlo, o porán en coñecemento do/a Presidente/a.

A falta non xustificada a tres sesións consecutivas, ou seis alternas, estimarase como renuncia ao cargo.

**Art.24º** A Xunta Directiva entenderase constituída en canto á validez dos acordos, cando asistan pola menos a metade mais un dos seus compoñentes, incluído o/a Presidente/a.

Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes.

**Art.25º** En caso de enfermidade, ausencia, morte ou demisión, substituirán respectivamente: ao Presidente/a, o Vice-presidente/a; a/o Secretario/a, o/a vocal primeiro/a, ao Tesoureiro/a o/a Vocal segundo/a.

**Art.26º** Corresponde á Xunta Directiva:

- a) Representar á Asociación.
- b) Convocar e fixar a data da celebración da Asamblea Xeral.
- c) Resolver sobre a admisión e baixa dos/as socios/as.
- d) Redixir a memoria anual
- e) Confeizoar para exame e aprobación, se procede, da Asamblea Xeral o Balance e os Presupostos anuais de ingresos e gastos.
- f) Cumplir e facer cumprir a os/as socios/as, as disposicións destes Estatutos e o Regulamento de Rexime Interior.
- g) Administrar o Patrimonio da Asociación.
- h) Redixir o Regulamento de Rexime Interior para o bon funcionamento da Asociación sometelo á aprobación da Asamblea Xeral.
- i) Cobrir provisionalmente as vacantes que se puidesen producir na Xunta Directiva, até que se celebre a primeira xuntanza da Asamblea Xeral que ratificará ou substituirá ao así designado/a.
- i) Nomear aos Presidentes/as das Comisions a que se refere o Art. 12º destes Estatutos

k) Confeizoar as candidaturas de socios/as co fin de cubrir os cargos referintes ao Art.4 apartado c).

l) Adoptar en caso de extrema urxencia acordos propios da Asamblea Xeral, neste suposto se convocará dentro do prazo de dez días á Asamblea de socios/as para dar conta da decisión tomada.

m) En xeral exercer as funcións que lle correspondan para a boa marcha e administración da Asociación, e calquer outras que non sexan de exclusiva competencia da Asamblea Xeral.

**Art.27º** Corresponde ao Presidente/a esencialmente:

a) Convocar e presidir as xuntanzas da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva e das demais seccións.

b) Fixar a orde do día da Xunta Directiva.

c) Ostentar a representación unitaria da Asociación, especialmente ante toda clase de autoridades, Tribunais, Federacións, Organismos, etc., con amplas facultades, mesmo a de nomear apoderados a ditos efectos.

d) Adoptar cantas medidas considere urxentes para o mellor goberno, réxime e administración da Asociación, dando conta á Xunta Directiva na primeira sesión que se celebre.

e) Cuidar do cumprimento dos presentes Estatutos e do Regulamento de Réxime Interior e dos acordos da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.

f) Subscreeber co Secretario/a as actas das sesións e toda clase de documentos que emanen da Asociación, xa sexan públicos ou privados.

g) Ser o ordenador de pagos.

h) Asinar co Tesoureiro cheques, recibos e outros documentos análogos.

i) Representar a Asociación perante calquer organismo público ou privado.

**Art.28º** Corresponde ao Vece-Presidente/a:

a) Substituír ao Presidente/a nos casos mencionados no Art.24º, e en todas as funcións a él encomendadas.

b) Cantas funcións delegue nel o/a Presidente/a.

**Art.29º** Corresponde ao Secretario/a:

a) Actuar como tal nas xuntanzas.

b) Custodiar os libros, documentos e selos da Asociación, excepto os de contabilidade.

c) Levar ao día o Libro-Rexistro de socios/as e arquivos dos mesmos, anotando naquel a altas e as baixas que se produzan, dando conta de iso ao Tesoureiro/a.

d) Redixir as actas das Xuntas Xerais e da Xunta de Goberno, que asinará co Presidente/a.

e) Librar certificados con referencia aos libros e documentos da Asociación co visto bon do Presidente/a.

f) Redixir a Memória Anual.

g) Levar a correspondencia.

**Art.30º** Corresponde ao Tesoureiro/a:

a) Asinar co Presidente/a os recibos, cheques e documentos análogos.

b) Levar os libros de contabilidade.

c) Custodiar os fondos da Asociación.

d) Formular os proxectos e presupostos e balances anuais.

## **CAPITULO V. DO PATRIMONIO SOCIAL**

**Art.31º** A Asociación carece de patrimonio fundacional.

O patrimonio social que se vaia constituindo estará composto por todos os bens que se adquiran para a realización dos fins sociais.

Os recursos económicos consisten nas rendas do patrimonio, as cuotas dos/as socios/as, derramas extraordinarias, e as subvencións, legados e donacións que podan legalmente aceptarse, ben procedan de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que lembren concedé-las.

A Asociación a través da súa Xunta Directiva, poderá conceder ou solicitar subvencións e préstamos con destino á realización dos seus fins Estatutarios

A Asociación non ten fins de lucro.

**Art.32º** A Asociación non poderá destinar os seus fondos sociais a fins distintos dos propios da mesma, podendo non obstante depositá-los en establecementos bancarios.

## **CAPITULO VI. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Art.33º** A Asociación só poderá disolverse por resolución da autoridade competente ou por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada para este fin, acordo que non terá validez se non é adoptado alomenos polas dúas terceiras partes dos seus compoñentes

**Art.34º** En caso de disolución, actuará como Comisión Liquidadora a última Xunta Directiva ou os individuos pertencentes á Asociación que se designen segundo acordo da Asamblea Xeral, a cal procederá á enaxenación dos bens sociais e co seu produto extinguirá as cargas da mesma, destinando o sobrante, se o huber, a material pedagóxico do Centro Docente.

Vigo a 4 de maio de 2004

A Presidenta:

Asdo./Begoña Figueirido Comesaña  
D.N.I. 36.060.407-H

A Secretaria:

Asdo./Olga Alonso Riobó  
D.N.I. 36.079.048-Y